

RESOLUCIÓN reitoral do 2 de xuño de 2025 pola que se publica a convocatoria de axudas para asociacións da Universidade de Vigo dos campus de Vigo e Pontevedra no ano 2025 en virtude de convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra.

O estatuto do estudante universitario (Real Decreto 1791/2010 do 30 de decembro), establece no seu artigo 65, que as universidades promoverán a participación estudantil e das asociacións estudantís nas unidades de atención ao estudante nos termos que establezan as normativas correspondentes.

Así mesmo, os Estatutos da Universidade de Vigo no seu articulado indican que a Universidade de Vigo desenvolverá actividades que terán como finalidade potenciar os diversos grupos e asociacións universitarias que desenvolvan actividades estudantís, culturais e deportivas.

Neste contexto, as asociacións estudantís xogan un papel fundamental como espazos de participación activa, creatividade e innovación, ofrecendo aos estudantes a oportunidade de poñer en práctica as súas ideas, colaborar en proxectos multidisciplinares e desenvolver habilidades cruce para o seu futuro profesional, converténdose en motores de cambio tanto dentro como fora do ámbito universitario. Ao mesmo tempo, promoven competencias transversais como o liderado, a comunicación, a xestión de proxectos ou o traballo en equipo. A súa participación en competicións, congresos e eventos de alto nivel, tanto a nivel nacional como internacional, reflicte o grao de compromiso, excelencia e impacto acadado polos equipos.

A Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra, asinarán un convenio de colaboración que sente as bases para promover unha convocatoria específica de axudas destinada as asociacións estudantís da Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra e Vigo), que organizan e participan en foros, competicións, retos ou eventos e responda á necesidade de fortalecer un ecosistema asociativo que representa un recurso estratéxico tanto para a Universidade como para o desenvolvemento da provincia.

De acordo con todo o indicado, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para o fomento de actividades organizadas por as asociacións estudantís da universidade dos campus de Pontevedra e Vigo, que serán xestionadas de acordo coas seguintes bases reguladoras.



2. Ordenar a publicación da presente convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



**BASES que regulan axudas para asociacións da Universidade de Vigo dos
campus de Vigo e Pontevedra no ano 2025 en virtude de convenio de
colaboración coa Deputación de Pontevedra**

1. OBXECTO

A convocatoria ten por finalidade regular a concesión de axudas económicas destinadas a apoiar a participación e/ou organización de asociacións estudantís censadas na Universidade de Vigo (pertencentes aos Campus Pontevedra e Vigo) durante o ano 2025 en foros, competicións, retos, congresos ou eventos de carácter nacional ou internacional relacionados co seu ámbito de traballo, co fin de fomentar o talento estudantil, a innovación e a proxección externa da actividade universitaria.

Quedan excluídas as actividades recollidas en convocatorias específicas (patróns dos centros, a organización de cursos, ...), así como os ágapes, petiscos, comidas ou bebidas e, en xeral, todo tipo de atencións protocolarias.

2. REQUISITOS DAS ASOCIACIONES SOLICITANTES

Poderán solicitar estas axudas as asociacións legalmente constituídas e censadas na Universidade de Vigo que:

- Teñan súa sede no Campus de Vigo ou Pontevedra
- Estea formada por estudantado matriculado en estudos de grado, master e doutoramento
- Estea actualizada a xunta directiva e cumplan todos os requisitos durante a realización da actividade.
- Presentar un proxecto de organización ou participación en foros, competicións, eventos ou retos cunha clara relación co ámbito temático da asociación.

3. COMPATIBILIDADES

A achega económica será compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, porén, será incompatible con calquera outra que financie os mesmos gastos que se presenten para xustificar a súa concesión. Así mesmo, non será compatible con outras axudas da Universidade de Vigo que teñan por obxecto a mesma actividade.

A través desta convocatoria so se poderá subvencionar unha actividade a cada asociación beneficiaria



4. ACTIVIDADES SUBENCIONABLES

Serán subvencionables os gastos directamente relacionados coa organización ou participación en foros, competicións tecnolóxicas, científicas, de desenvolvemento profesional, retos de innovación, congresos estudiantís ou certames académicos, encontros, feiras ou eventos nacionais e internacionais, desenvolvidos no ano 2025.

Inclúense, entre outros:

- Custos relacionados coa organización de eventos (alugueiros, material técnico, servizos profesionais....)
- Custos relacionados coa asistencia a eventos (inscrición, desprazamento, aloxamento, manutención....)
- Accións de difusión e comunicación asociadas á organización ou participación (carteis, folletos, publicidade, web.....)
- Materiais, recursos e servizos necesarios para a organización da actividade ou para a preparación e presentación de proxectos ou prototipos.

5. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

Os fondos destinados a esta bolsa irán con cargo á aplicación orzamentaria 2025 00EE211E 48 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 20.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

A contía máxima da axuda para cada solicitude concedida será de 5.000€ . Este importe poderá ser minorado en función das solicitudes e dos orzamentos presentados por cada solicitude.

O pagamento da axuda efectuarase unha vez presentada a documentación sinalada no punto 8 desta convocatoria mediante transferencia á conta bancaria da asociación.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

5.1.- A presidencia ou secretaría das asociacións interesadas debe presentar a solicitude axustada ao modelo que figura no anexo I a esta convocatoria.

5.2.- O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo e remata o 16 de xuño de 2025, ás 23:59 horas (hora peninsular española).

5.3.- A solicitude presentárase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no procedemento de "Instancia Xenérica" (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858>) dirixido ao servizo de Xestión da Extensión Universitaria e indicando no asunto «Axuda para Asociacións 2025- Deputación Pontevedra». Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outra vía.



5.4.- No momento de presentación por sede achegará a documentación que se relaciona:

- Solicitud asinada electronicamente (segundo o modelo do anexo I)
- Formulario da actividade a organizar ou participar, incluíndo datas e lugar de celebración e previsión de gastos e ingresos con indicación do financiamento externo, no seu caso (segundo o modelo do anexo II)

As persoas solicitantes tamén se lles poderá requirir que acheguen a documentación que se estime oportuna para poder aclarar calquera información que fose de utilidade para poder levar a cabo a concesión da axuda solicitada.

6. ADMISIÓN, SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

6.1.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, dítase resolución reitoral aprobando a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite co nome da persoa solicitante, así como as causas que motivaran a exclusión de ser o caso.

Disporase dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación, para emendar os erros, achegar a documentación requirida ou presentar as alegacións que se consideren oportunas. Para tal fin a persoa solicitante presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) entrando no procedemento “Emenda e mellora da solicitude” e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude inicial.

Rematado o prazo de subsanacións se publicará a resolución reitoral coa relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

6.2.- Composición da comisión avaliadora:

- Presidencia: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, ou persoa en quen delegue
- Vogal: Luisa Sánchez Méndez, Vicepresidenta segunda. Deputada de deportes, economía e impulso do emprego, ou persoa en quen delegue
- Secretaría: Ricardo Corderí Salgado, xefe de Servizo de Extensión Universitaria, ou persoa en quen delegue

6.3.- Criterios de valoración:

As solicitudes presentadas someteranse a un proceso de avaliación que permita establecer unha prelación entre elas, segundo os seguintes criterios, cunha puntuación máxima de 100 puntos:

- Coherencia da actividade cos fins da asociación (ata 30 puntos): Valorarase o grao de adecuación da actividade á finalidade principal da asociación, segundo os seus estatutos e traxectoria. Terán maior puntuación aquelas



propostas que se enmarquen claramente na liña de traballo da entidade e contribúan ao seu desenvolvemento estratéxico.

- Axuste entre gastos e ingresos previstos (ata 30 puntos): Analizarase a racionalidade do orzamento presentado, a coherencia entre os custos estimados e as actividades previstas, así como a existencia doutras fontes de financiamento complementarias (patrocinios, autofinanciamento, outras axudas). Valorarase positivamente un equilibrio sostible entre ingresos e gastos.
- Composición e implicación do equipo (ata 20 puntos): Terase en conta o número de persoas participantes, a diversidade dos perfís implicados e o grao de implicación do equipo no desenvolvemento da actividade. Valorarase a participación activa do estudantado e a repartición de roles e responsabilidades.
- Alcance territorial e proxección da actividade (ata 20 puntos): Valorarase o ámbito no que se desenvolve a actividade (local, nacional ou internacional) e o seu potencial de proxección externa. Terán maior puntuación aquelas propostas que contribúan a dar visibilidade ao traballo da asociación fóra do ámbito máis próximo e reforcen a imaxe da Universidade de Vigo e a Provincia de Pontevedra en contornos amplos e diversos.

Para poder optar á concesión da axuda, será requisito acadar unha puntuación mínima de 50 puntos, co fin de garantir a calidade das actividades presentadas e o axeitado cumprimento dos obxectivos da presente convocatoria.

6.5.- Concesión provisoria:

Unha vez que a comisión efectúe a selección, publicarase a relación provisoria de asociacións con axuda concedida, denegada coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda para o caso de existir renuncias.

O prazo para presentar as alegacións será de cinco (5) días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin a persoa solicitante presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo “Emenda e mellora da solicitude” (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/1259161>) facendo referencia ao número de rexistro da solicitude inicial dirixido ao dirixido ao servizo de Xestión da Extension Universitaria.

6.6.- Concesión definitiva:

Unha vez que a comisión revise as alegacións, elevará proposta definitiva ao reitor que publicará a relación definitiva de axudas concedidas e da lista de agarda. As actividades aprobadas non poderán ser obxecto de modificación posterior.

Todas as resolucións e listaxes a que se refire este punto publicaranse no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo, que será o único válido para os efectos de notificación e cómputo de prazos de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



As comunicacións individuais necesarias realizaranse a través do enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

No caso de renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858>) dirixido ao servizo de Xestión da Extension Universitaria, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da axuda á seguinte solicitude da listaxe de agarda.

8. OBRIGAS DA ASOCIACIÓN BENEFICIARIA

- Incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado, que aludan ou informen da actividade subvencionada, os “logotipos” institucionais da Deputación de Pontevedra e da Universidade de Vigo
- Unha vez finalizada a actividade a persoa representante da asociación beneficiaria deberá presentar na sede electrónica da Universidade de Vigo (instancia xenérica <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858>) dirixido ao servizo de Xestión da Extension Universitaria a seguinte documentación:
 - Memoria final da actividade na que se recollan as actividades realizadas, obxectivos acadados e os ingresos e gastos obxecto da concesión da axuda.
 - Certificado de asistencia á actividade ou evidencias da realización da mesma.
 - Facturas ou documentos xustificativos do pago das mesmas.
- Participar na *demoday* ou evento organizado entre a Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra para presentar ás asociacións e as actividades realizadas.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e de perda do dereito de cobro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A asociación beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade de Vigo a cantidade indebidamente percibida.



10. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou «RXP») e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de optar ao Distintivo de Empregabilidade e amparados pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

Coa participación nesta Convocatoria autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidieran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As asociacións implicadas teñen dereito a solicitar a/ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderán exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as



Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



ANEXO I

Solicitud de participación axudas Asociacións estudiantado 2025- DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

DATOS PERSOA SOLICITANTE
Nome e apelidos:
DNI:
Teléfono:
Enderezo electrónico (corporativo @uvigo.gal):
DATOS DA ASOCIACIÓN
Nome da asociación:
Teléfono asociación:
Cargo na asociación da persoa solicitante:
Actividade a desenvolver:
Importe solicitado:

Solicito ser admitido/a na convocatoria a que se refire esta instancia, declaro que son certos os datos consignados e alegados e que reúno os requisitos exixidos por esta convocatoria.

Na data da sinatura electrónica
(sinatura)

Reitor da Universidade de Vigo
Servizo de Xestión da Extensión Universitaria



ANEXO II

Formulario coa proposta de actividade para participar nas axudas Asociacións estudiantado
2025- DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:

NOME DA ASOCIACIÓN:

OBXECTIVOS E TEMÁTICA DA ACTIVIDADE:

ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA ACTIVIDADE:

(en ingresos consignar o importe solicitado á universidade, no caso de contar con financiación externa incluír nome da entidade e cuantía percibida)

INGRESOS:

Ingresos por.....:euros

Ingresos por.....:euros

Financiación externa de.....:euros

TOTAL INGRESOS: euros

GASTOS:

Concepto gasto.....:euros

Concepto gasot.....:euros

TOTAL GASTOS: euros

PERSOAS DA ASOCIACIÓN PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE:

(empréguese tantas casañas como participantes)

NOME:

TITULACIÓN CURSADA:

TAREFAS ASIGNADAS NESTA ACTIVIDADE:



ALCANCE E PROXECCIÓN DA ACTIVIDADE:

(datas e lugar de celebración)

Na data da sinatura electrónica

(sinatura)

